

A HISTORIA MODERNA DO GALEGO E O CONTINUO POSCRIOULO

I.M. Roca

University of Essex

1. OS CRIOULOS

Hai no mundo un grupo de linguas chamadas “crioulos” (cen e algo actualmente), que revisten unhas características moi especiais. Estas linguas fálanse maiormente nas costas e moitas illas (notoriamente nas Antillas) das zonas ecuatoriais americanas, africanas e asiáticas. A primeira vista, estes crioulos parecen unha deformación das principais linguas europeas, tales como o inglés, o francés, o portugués ou o castelán, como mostran os seguintes textos de crioulos portugueses e españois, tirados de Holm (1988) (dou as glosas galegas e castelás, respectivamente, liña por liña debaixo dos textos crioulos):

CRIOULO PORTUGUÉS DE GUINEA-BISSAU:

i ten ba un minjer ki ten ba manga de konpadre... i ora ki si omi sai si
había unha muller que tiña moitos amigos, e así que seu home sae, os seus
konpadre tabai pa kasa di minjer... e ta bin na ten relason seksual ku ki minjer...
amigos van á casa da muller.. e van a ter relación sexual con aquela muller...
un dia agora ku kuaru konpadre chiga la...e entra tudu, e ten relason seksual
Un día destes catro amigos chegan alí, e entran todos, e teñen relacións sexuais
ku munjer e kaba, omi chega, i bati porta
coa muller, e acaban. O home chega e peta na porta.

CRIOULO PORTUGUÉS DE MACAO:

Eu fazê este carta p`ra dizê a vós se ácaso mandà dinhêro para mi, nunca bom
Eu fago esta carta para dicirlle [que] se acaso me manda diñeiro, non é bo

mandá o nóta d'este laia firma...porque sabado vem telegrama para fichá mandar o billete desta compañía, porque o sábado veu [un] telegrama para pechar banco, eu ficá perdida dôs nota de cinco pataca e muito pessua tem [o] banco. Eu perdín dous billetes de cinco “patacas”, e moitas persoas teñen mesmo nota.
os mesmos billetes

PORTUGUÉS BRASILEIRO NON-ESTÁNDAR (ACRIOULADO):

Aí quano foi um dia, o irmão dele que era me doído foi disse, “Mamãe, me dê cinc (Aí cando foi) Un día, o irmán del, que era medio parvo, dixo: “Mamae, déame cinco cruzero que vou divinhá as palabra da princesa.” Ela disse, “Ma meu fillo, seu cruceiros, que vou adiviñar as palabras da princesa.” Ela dixo: “Mais, meu fillo, teu irmão que era muito sabido foi nu divinhou. Vosê que té doído é, vai divinhá?” irmán, que era moi listo, non adiviñou. [E] ti que es parvo, ¿vas adiviñar?”

CRIOULO CASTELÁN DE BOZAL (FILIPINAS):

Manque yo múri, ese otá, en ese otá, yo mimo tá hí. To día uté
Aunque yo muera, esa roca, en esa roca, yo mismo estaré ahí. Todos los días usted
hablá con mí. Yo ta compañá to yijo. Mañana yo ikú. Ikú ese cane
hablará connmigo. Yo acompañaré a sus hijos. Mañana muero. Muero, esa carne
na má, pellejo mío sí, se pedé... Pero yo tá hí.
nada más, mi pellejo sí, se perderá. Pero yo estaré ahí.

¿De ónde saíron as linguas crioulas? Existen varias teorías sobre a súa orixe, que naturalmente non é este o lugar adecuado para avaliar, polo que me limitarei a dar un esbozo dun dos posibles escenarios históricos conectados co nacemento destes crioulos.

Imaxino que todos temos a experiencia de intentar comunicar con xente que non fala ningunha das linguas que nós coñecemos (aínda que hoxe esta situación é cada vez máis infrecuente, pola crecente extensión mundial do inglés). Cando nos encontramos nunha situación deste tipo, intuitivamente botamos man de todos os recursos comunicativos non-lingüísticos que levamos dentro: xestos da cara, xestos coas mans, debuxos no aire ou nun cacho de papel, etc. Se a situación se repite (por exemplo, se se trata dunha praia á que acudimos diariamente a xogar á pelota nun lugar estranxeiro onde estamos de vacacións), é moi probable que tamén desenvolvamos cos nosos interlocutores un código lingüístico rudimentario, aprendendo algunhas palabras clave de entre as que oímos, e se cadra construindo frases curtas e cunha sintaxe moi elemental, parecida á que usan os nenos e que nós ás veces usamos con eles. Historicamente, este tipo de fala ten xurdido en moitos lugares do mundo por motivos de comercio e tamén, infelizmente, de escravitude. No caso da escravitude, os escravos tiñan que comunicarse, non só cos seus amos,

que como sabemos falaban linguas europeas (inglés, francés, portugués, holandés, castelán), senón tamén entre si, pois os amos separaban deliberadamente ós escravos dunha mesma lingua e etnia para evitar rebelións.

Os códigos rudimentarios de que veño falando cóñecense na literatura en lingua inglesa co nome de “pidgins” (singular “pidgin” [ˈpɪdʒɪn]). Os crioulos evolucionan a partir dos pidgins da maneira seguinte. Como xa teño dito noutros relatorios (vid. por ex. “O falante nativo na enquisa sociolingüística da RAG”), a base da linguaxe é biolóxica (non cultural, como erroneamente aínda se pensa en moitos círculos: os aspectos culturais da linguaxe son só unha consecuencia da súa bioloxía). En concreto, a materia biolóxica do cerebro humano inclúe un programa para a adquisición dunha lingua desde o momento do nacemento (o que algúns chaman “bioprograma”), e por iso todos os nenos do mundo adquiren a lingua do seu ambiente, con independencia de factores sociais, económicos, etc., e tamén do coeficiente intelectual do neno (pero non, naturalmente, se o seu cerebro ten un defecto FÍSICO que interfere coa adquisición da lingua). Ora, para adquirir unha lingua, o neno ten necesidade de escoitala, da mesma maneira que para poder respirar ten que ter aire ó redor. No caso de sociedades que usan pidgins, sen embargo, os nenos que nacen non oen unha lingua normal do tipo que necesita o bioprograma para activar o seu proceso adquisitivo, senón un código moi rudimentario, que é o que son os pidgins por definición. O que se supón que fixeron estes nenos (espontaneamente e sen podelo evitar, debido ó bioprograma) é desenvolver este código rudimentario nunha lingua de características normais, ou sexa, con todas as propiedades das linguas normais. As linguas así desenvolvidas dos pidgins son precisamente os crioulos. A semellanza léxica de moitos destes crioulos coas linguas dos poderes imperiais débese, naturalmente, a que estas son as linguas de poder que escoitaban os escravos e nas que basearon os pidgins que eventualmente deron lugar ós crioulos.

A formación dos crioulos de que estamos a falar tivo lugar hai xa algún tempo, cando as condicións sociais eran favorables ó fenómeno. Actualmente, sen embargo, a rapidez e intensidade das comunicacións de todo tipo e a extensión da escolarización fan que se intensifique o contacto entre os crioulos e a lingua estándar coa que están conectados a nivel léxico. Como resultado disto pode emerxer o que se ven chamando “continuo poscrioulo”, ou sexa, unha situación na que o crioulo vai mudando por etapas cara a esta lingua estándar. Naturalmente, o que muda non é o crioulo en si, senón a conducta lingüística dos seus falantes, que cada vez insiren na súa fala máis palabras ou formas de palabras estándar. Por exemplo, a frase *eu deille un* é [aɪ geɪv hɪm wʌn] en inglés estándar (ortograficamente *I gave him one*), e [mɪ gi: æm wʌn] en crioulo tradicional güianés. O que encontramos na realidade lingüística de Güiana non é, porén, só unha destas dúas versións, ou sexa, a versión inglesa estándar (cun certo sotaque güianés, como é lóxico) ou a versión crioula que acabamos de ver. O que encontramos en vez é toda unha gama de variantes, os dous extremos das cales son precisamente as dúas versións en cuestión, como se recolle no cadro a seguir, tirado de Bell (1976:136):

1	ai			him	wan
2		gerv			wan
3	a			im	
4				i:	
5		giv		him	
6				im	
7	a			i:	
8		dɪd	gɪv		
9		dɪ	gɪ		
10		dɪd			
11	a			gi:	
12		dɪ	gɪ		
13				hi:	
14				i:	
15	mi			i:	
16		bɪn	gi:		
17				æm	
18					

Como podemos ver, no repertorio güianés existen toda clase de formas intermedias (chamadas “mesolectos” polos especialistas) entre os dous extremos do continuo (o crioulo máis cerrado, ou “basilecto”, e o inglés estándar, ou “acrolecto”). O tipo de fala que os falantes escollen e usan depende do seu grao de cultura e da formalidade da situación, e tamén da súa idade, pois as xeracións máis novas van perdendo o basilecto (ou sexa, as formas crioulas máis tradicionais) e achéganse máis ó acrolecto (o inglés estándar), mesmo se non chegaren sempre a el.

2. CASTELANIZACIÓN DO GALEGO

A esta altura é necesario explicar a relevancia disto todo ó caso galego. Moitos lectores estarán sen dúbida pensando, e con razón, que o galego non é un crioulo, pois non naceu a consecuencia do imperialismo posrenacentista, senón que evolucionou naturalmente do latín, como é ben sabido e é ocioso argumentar aquí. Antes de mostrar que existen semellanzas de feito entre a situación do galego e a destes crioulos temos que nos referir ó estado actual do galego, que, como todos sabemos, sofre unha influencia asoballante do castelán desde hai séculos, mesmamente dun xeito abafante contemporaneamente. Esta influencia nótase a todos os niveis da lingua:

Non estamos a falar obviamente do empréstimo que funciona en calquer lingua do mundo e que é asimilado á corrente léxica do idioma en cuestión, que o nacionaliza e o fai seu, senón do que ingresa no galego por outra vía: a da imposición do español (...); ela tamén se deixa sentir na sintaxe, na fonética e na morfoloxía, até o punto de que na caracterización intrínseca do galego actual, cremos que non hai un só trazo deturpado que poda ser analizado sen contarmos coa presión do español (García Negro 1991: 308, nota 67).

No caso específico do léxico, o peso do castelán faise sentir de varias maneiras. En primeiro lugar, moitas palabras enxebres desaparecen sen deixar rastro:

O alarmante empobrecemento, que se está a producir no léxico das novas xeracións de falantes, non dá lugar á vacilación. [Referímonos en principio só ós sectores que teñen o galego como lingua materna e habitual na súa comunicación. Nos sectores neofalantes, a cuestión xa non é alarmante: é dramática]. De pais a fillos e de avós a netos o inventario terminolóxico sofre mutilacións a cotío, que afectan fundamentalmente ós conceptos con máis tradición no noso vocabulario (Graña 1990: 49 [nota 4 entre corchetes]).

Outras palabras son simplemente substituídas polo seus cognatos casteláns:

No rexistro oral-popular (empregado pola inmensa maioría dos falantes) é onde pululan os castelanismos máis flagrantes que, lonxe de estaren en retroceso, día a día estanse consolidando: *abuelo, águila, almendra, anzuelo, árbol, arcilla, besugo, bolsillo, calle, capilla, cigüeña, cuchara, deuda, duda, escuela, estrella, isla, luna, mueble, paloma, piel, polvo, codo, reina, tabla...* son só unha pequena mostra dos que se poden catalogar por centos (Graña 1990: 55-56).

Noutros casos, o termo galego sobrevive a lado do castelán, pero con sentido restrinxido:

Cando no galego existen varios termos pra definir unha mesma acción, cada un deles especializado en aspectos determinados da mesma, por influencia do termo castelán, que posee soamente unha ou dúas formas pra definir tódalas acepcións, o galego reduce algúns destes termos, recollendo nun só tódalas acepcións... Algunhas palabras castelás que entran no galego non chegan a desplazar totalmente a forma orixinaria xa que ó se poñer en contacto as dúas formas, galega e castelá, no vocabulario, cada unha delas especialízase nunha acepción (Noia Campos 1982: 95).

Un aspecto pouco coñecido da castelanización do galego dáse no terreo dos modismos, pois as expresións seculares son substituídas cada vez máis por calcos do castelán. ¿Cantos galegofalantes urbanos (e non digamos xa neofalantes) saben que en galego tradicional “andarse polas ramas” é *falar dos biosbardos* (entre outros), “en boca cerrada non entran moscas” *non hai mellor palabra cá que está por dicir*, “estar en Babia” *estar na verza*, “falar polos codos” *botar a lingua a pacer*, “irse polos cerros de Úbeda” *mexar fóra do testo*, “non soltar prenda” *non dar chío*, “por se as moscas” *polo si ou polo non*, “saí-lo tiro pola culata” *sai-las contas furadas*, “sen comelo nin bebelo” *sen o cheirar*, “subirse á parra” *empoleirarse*, “te-la sartén polo mango” *te-la vara e a besta*, e así a oito (vid. Graña 1993)?

O denominador común disto todo é, xa que logo, a penetración do galego polo castelán e a emerxencia dunha fala híbrida, que obviamente non é castelán, pero que tampouco é galego strictu sensu. Esta fala híbrida foi denominada “chapurrao” por C. García (1975), aínda que probablemente sexa máis enxebre referirse a ela como “mestura” (agradezo a X.L. Regueira os seus comentarios sobre o tema). Naturalmente, a mestura non é unha fala unificada, e presenta moitos graos de castelanización, segundo o lugar e o individuo de que se trate.

Outra fonte de castelanización, neste caso na lingua escrita, constitúea a traducción dereita do español. Repárese por exemplo nos fortes paralelismos entre os seguintes anacos das dúas versións da historia da cerámica de Sargadelos tiradas do prospecto que acompaña o medallón conmemorativo con que atentamente se nos obsequiou ós congresistas:

Hace doscientos años funcionaba en Sargadelos un complejo industrial que fue diseñado en su totalidad con un rigor semejante al que se quisiera hoy para la moderna industria.

Interesa señalar que utilizando los criaderos de mineral de hierro, las tierras refractarias y la riqueza forestal carbonizada de una misma comarca, con un río represado con gran ciencia, el ilustrado Antonio Raimundo Ibáñez, al que el pueblo hizo Marqués de Sargadelos, concibió y realizó a finales del siglo XVIII una siderurgia integral que representó en España una de las primeras manifestaciones del capitalismo industrial.

Como pode verse, as dúas versións correspóndense practicamente palabra por palabra. É verdade que se trata dun rexistro culto e obxectivizante que favorece a similitude, pero o máis probable é que o texto fora redactado en castelán e despois vertido ó galego, abrindo así a cancela a interferencias de todo tipo. E é interesante constatar que a versión francesa do mesmo texto non ten o forte carácter de traducción literal que ten a galega:

Hace doscientos años funcionaba en Sargadelos un complejo industrial que fue diseñado en su totalidad con un rigor semejante al que se quisiera hoy para la moderna industria.

Interesa señalar que utilizando los criaderos de mineral de hierro, las tierras refractarias y la riqueza forestal carbonizada de una misma comarca, con un río represado con gran ciencia, el ilustrado Antonio Raimundo Ibáñez, al que el pueblo hizo Marqués de Sargadelos, concibió y realizó a finales del siglo XVIII una siderurgia integral que representó en España una de las primeras manifestaciones del capitalismo industrial.

Un caso semellante ofrécennolo as dúas versións seguintes dun mesmo suceso aparecidas respectivamente en *O Correo Galego* e *El Correo Gallego* (6.1.1994):

O desbordamento do Umia afectou, dun xeito especial, á súa marxe dereita, unha zona sen dragar aínda e que padece con especial incidencia os efectos da crecida do nivel das augas. A auga anegou parte dalgunhas leiras e asolagou as rúas de Laureano Salgado e Real, no centro da vila. Esta última rúa xa forma parte inseparable da historia das inundacións que o Umia provoca case sistematicamente, ano tras ano, na vila de Caldas.

Hai douscentos anos funcionaba en Sargadelos un complexo industrial que foi deseñado na súa totalidade cun rigor semellante ao que se quixera hoxe pra a moderna industria.

Cómpre sulñar que utilizando os criadeiros de mineral de ferro, as terras refractarias e a riqueza forestal carbonizada dunha mesma comarca, cun río represado con gran ciencia, o ilustrado Antonio Raimundo Ibáñez, ao que o povo fixo Marqués de Sargadelos, concibiú e realizou a finais do século XVIII unha siderurxia integral que representou en España unha das primeiras manifestacións do capitalismo industrial.

Il y a deux cents années il y avait à Sargadelos un complexe industriel dont le plan était tracé avec une rigueur semblable à celle qu'on voudrait aujourd'hui pour la moderne industrie.

Il faut souligner qu'en utilisant les gisements de métal de fer, les terres réfractaires et la richesse forestière carbonisable d'une même contrée, avec un fleuve endigué avec grande sagesse, l'illustré Antonio Raimundo Ibáñez, nommé par le peuple Marquis de Sargadelos, conçu et réalisa vers la fin du XVIII^{ème} siècle une sidérurgie intégrale qui a représenté en Espagne l'une des premières manifestations du capitalisme industriel.

El desbordamiento afectó principalmente a la margen derecha del río Umia, una de las zonas que está aún sin dragar y que, por tanto, es de las que más padece las consecuencias de estas crecidas del nivel de las aguas: el agua anegó parte de algunas fincas e inundó las calles Laureano Salgado y Real, esta última una "clásica" de Caldas de Reis cuando de inundaciones se trata.

A semellanza entre as dúas versións é tal que non sería disparatado consideralas variantes estilísticas dunha mesma lingua. Repárese en concreto que, mesmo se estes dous textos non se corresponden palabra por palabra, as diferencias entre eles son moi superficiais, porque a traducción literal do texto galego evidentemente tamén é un bo castelán:

O desbordamento do Umia afectou, dun xeito especial, á súa marxe dereita, unha zona sen dragar aínda e que padece con especial incidencia os efectos da crecida do nivel das augas. A auga anegou parte dalgunhas leiras e asolagou as rúas de Laureano Salgado e Real, no centro da vila. Esta última rúa xa forma parte inseparable da historia das inundacións que o Umia provoca case sistematicamente, ano tras ano, na vila de Caldas.

El desbordamiento del Umia afectó, de un modo especial, a su margen derecha, una zona sin dragar aún y que padece con especial incidencia los efectos de la crecida del nivel de las aguas. El agua anegó parte de algunas fincas e inundó las calles de Laureano Salgado y Real, en el centro de la villa. Esta última calle ya forma parte inseparable de la historia de las inundaciones que el Umia provoca casi sistemáticamente, año tras año, en la villa de Caldas.

Unha vez máis, o máis probable é que o texto castelán sexa o primario, isto é, que as noticias se reciban nesta lingua e se vertan despois ó galego, en vez de ser pensadas e expresadas “desde o galego”, na feliz expresión que ten usado noutros contextos o profesor Alonso Montero. Naturalmente, a situación é peor aínda no caso da lingua oral da radio e a televisión, onde moitas veces non hai materialmente tempo para a corrección.

3. REINVENCIÓN DO GALEGO

O galego literario ofrece un marcado contraste coa castelanización de que vimos falando, como ilustra o seguinte texto de *A Esmorga* de Blanco Amor (p. 56-57):

Cando me vén moi extremoso, é coma se algo fose medrando dentro de min, sen ser eu, e coma se me fosen a estalar os pulsos, i écheseme o peito dunha forza tal coma se se me fose a esfrangullar dun esboiro... Pero outras vegadas vénme manseliño, agarimoso, coma cando un está canso e se bota a durmir e escomenza a afundirse, a afundirse... que é cando máis medo me pon, e ás veces acordo de socato, porque teño cavilado que este mergullamento tan manseliño non pode parar máis que na morte... E ao mellor é a morte que anda degorante de min para me levar a par de si sen doenza, coma quen se dorme... Moitas veces doume ao viño por me librar diso, anque non ande de esmorga. O viño é o único que me ceiba do “pensamento”, que me desamargulla deste deixarme ir afundíndome para dentro, que non pode parar mais que na morte... non sei se vostede me entende, pero agora xa o sabe.

Como aquí non estamos a falar de literatura nin de estética, senón da situación real da lingua, non imos xulgar a calidade literaria da novela, que é innegable. O que si salientarei é que neste texto aparecen moitas palabras que é moi improbable que existan na fala actual de ninguén (ou polo menos na de moitos), e aínda menos probable que ocorran acuguladas deste modo na conversa. O contraste entre este anaco de *A Esmorga* e os fragmentos do folleto de Sargadelos e de *O Correo Galego* que examinamos máis


enriba é evidente, como tamén é evidente a diferenca entre este texto e a fala galega real espontánea, que practicamente non ten reflexo literario ningún máis ou menos desde Rosalía de Castro. Algúns poden pensar que esta situación dáse en todas as linguas, pero isto non é así, como demostra, por exemplo, o seguinte texto castelán do noso Álvaro Cunqueiro (1968:21) (mostras similares poden apanñarse a vontade de calquera texto escrito na lingua de Cervantes):

Volviendo a mi señor, y hablando de mí, os diré que soy su correo, no tengo mujer ni hijos y vivo en un palomar, enseñando palomas mensajeras y canes guardianes. Ya mi padre tuvo el oficio y del suyo lo heredé, siendo pues verdadero que viene de casta el tener encanto para los animales, saber sus voces secretas, hablar al arrullo con las palomas y al ronquido con los canes y entenderlos cuando entre ellos se conciertan.


Con estar escrito no típico estilo “arcaico” cunqueirano, as únicas expresións que non son correntes no castelán actual son *mi señor*, *can*, e *verdadero* no sentido de “verdad”, e o resto do texto podía ser usado por calquera falante en calquera conversa. Esta é a situación normal cando se escribe nesta lingua, pero non en galego, onde (¡todos!) os escritores fan esforzos considerables por apartarse da fala común para crear unha lingua artificiosa que non sempre é intelixible ós galegofalantes tradicionais non avezados nela.

4. A “POSCRIOLIZACIÓN” DE GALICIA

Como estamos a ver, a situación lingüística de Galicia non é puramente bilingüe, cunha contraposición nítida entre o castelán e o galego máis puros, senón que inclúe unha chea de niveis entre eles. Repárese que tamén no castelán de Galicia hai moitas variedades segundo o grao de “galeguización” (recórdese por exemplo que o castelán de Valle Inclán tense cualificado acertadamente de galego con palabras castelás). O profesor Constantino García esquematizou esta complexa realidade do modo seguinte (1975:342):



Entre o agalegado e a mestura parece conveniente incluír o castrapo, ou sexa, o tipo de castelán mal falado usado por falantes tradicionais do galego:




Obviamente, esta situación semella un continuo poscrioulo do tipo que mencionamos antes, co castelán na posición de acrolecto, cara ó que os mesolectos galegos van achegándose. A semellanza vese aínda máis claramente se modificamos lixeiramente o diagrama anterior, como segue:

castelán ← agalegado ← castrapo ← mestura ← galego


A clave da cuestión é que, mesmo se historicamente o galego e o castelán son linguas irmás, o sentimento psicolóxico popular contemporáneo (e non só contemporáneo) é que o castelán é a lingua correcta, e o galego unha dexeneración dela que cómpre superar. No modelo que acabo de dar está así implícito un continuo poscrioulo, mesmo que simplificado. En particular, ó ascendermos a escala social (e descendermos a cronolóxica) o galego tórnase en mestura, que á súa vez devén castrapo e este castelán agalegado, o cal vai cambiando na dirección do castelán puro e simple (eu coido que na actualidade xa hai moitos galegos en Galicia que falan castelán non-agalegado). Como digo, tanto o esquema de C. García como a miña elaboración del simplifican a realidade, que inclúe moitos grados de mestura, agalegamento, etc., de modo semellante ó que vimos acontecer no continuo poscrioulo de Güiana. Naturalmente, para aprehender a totalidade desta similitude cómpre facer mentes que unha lingua contén outros niveis amais do léxico: fonético, prosódico, fonolóxico, morfolóxico, sintáctico, fraseolóxico, semántico, estilístico.

Antes de rematar quero chamar a atención sobre outro aspecto moi importante, e penso que ata agora ignorado, do continuo lingüístico galego. Trátase precisamente do caso oposto ó que vimos examinando, ou sexa, do abandono do castelán polo galego típica dos neofalantes.

O primeiro dilema destes neofalantes é que tipo de galego van adoptar. Usualmente adoptan un galego literario (tirado de libro e por tanto parcialmente artificial), e non o galego popular da fala tradicional, castelanizada por etapas, segundo estamos a ver. Algúns destes neofalantes chegan a alcanzar un nivel de competencia notable, dentro das limitacións propias da fonte lingüística que escollen (libros máis que labios), pero é evidente que a maioría non o conseguen, e permanecen a un nivel que pode definirse de castelán relexificado: simplemente, estes neofalantes falan en castelán, cambiando só a morfoloxía e algunhas palabras, tipicamente tiradas dunha lista estereotipada (cf. por ex. *intre*, *atopar*, *agardar*, *xeito*, etc.), como se se tratase dun rexistro máis do castelán, e non dunha lingua de seu, cos seus niveis distintivos adicionais (fónico, prosódico, sintáctico, fraseolóxico, semántico, estilístico, etc., como xa dixen). Este “castelego” (facilmente observable nos medios de comunicación oral), engádese, pois, ós mesolectos da comunidade galegofalante xa mencionados, para completar o cadro do continuo poscrioulo que presenta a fala dos galegos no momento presente:



A esta altura convirá incluír no perímetro deste esquema os dous tipos de lingua escrita ós que me referín antes, e que bautizarei mnemonicamente “galibro” (galego de libro literario) e “xornalego” (galego de periódico, folleto, etc.):



É importante observar que o estou a chamar castelego non se reinsire de cheo no cadro do galego tradicional, e por tanto real, senón que constitúe unha etapa evolutiva independente, construída sobre unha base castelá, e non galega (aínda que, naturalmente, con conexións co galego, a través do galibro, como indica no diagrama a liña de puntos correspondente).

Como dixo recentemente un dos máis destacados estudiosos do galego, que vou deixar no anonimato, nunha conferencia que deu no estranxeiro (en castelán, por razóns de intelixibilidade), “en gallego vale todo”. Todo, todo non vale (*I gave him one*, por exemplo, non pode pasar por galego). O que si vale é máis ou menos calquera mestura de galego e castelán: velaquí o continuo poscriciouro de Galicia.

REFERENCIAS

- Bell, R. (1976) *Sociolinguistics: Goals, Approaches and Problems*. London: Batsford.
- Blanco Amor, E. (1991⁵) *A Esmorga*. Vigo: Galaxia.
- Cunqueiro, A. (1968) *Flores del año mil y pico*. Barcelona: Táber.
- García, C. (1975) “Interferencias lingüísticas entre el castellano y el gallego”. *Revista Española de Lingüística* 6: 327-43.
- García Negro, P. (1991) *O galego e as leis*. Vilaboa, Pontevedra: Edicións do Cumio.
- Graña, X. (1990) “O léxico patrimonial galego: algúns aspectos do seu empobrecemento”. *CADERNOS DE LINGUA* 2: 47-58.
- Graña, X. (1993) *Vacilacións, interferencias e outros “pecados” da lingua galega*. Vigo: Ir Indo.
- Holm, J. (1988) *Pidgins and Creoles* (2 vols.). Cambridge: Cambridge University Press.
- Noia Campos, M.C. (1982) “Interferencias léxicas entre as linguas galega e castelá”. *Grial* 75: 91-99.